

**ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilíngüe Antón Losada Diéguez”

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

- 1- **“Historia da Música e da Danza” (HMD): 2º de Bacharelato (Páx. 3-9)**
- 2- **“Linguaxe e Práctica musical” (LPM): 1º de Bacharelato (Páx. 10-16)**
- 3- **“EnCANTOme”: 1º de Bacharelato (Páx. 17-22)**
- 4- **“Música”: 4º de ESO (Páx. 23-28)**
- 5- **“Artes Escénicas e Danza” (AED): 4º de ESO (Páx. 29-34)**
- 6- **“Música”: 3º de ESO (Páx. 35-40)**
- 7- **“Música”: 2º de ESO (Páx. 41-47)**

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez”

**CURSO:** 2º de Bacharelato

**MATERIA:** “Historia da Música e da Danza” (HMD)

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tendo en conta a programación realizada a inicios do curso 2019-2020 para a materia de *“Historia da Música e da Danza” (HMD)* e seguindo as instrucións dadas polas autoridades competentes para este terceiro e último trimestre, enuméranse nos diferentes bloques da materia, o grao mínimo de consecución dos estándares e os criterios de avaliación correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso 2019-2020.

<b>BLOQUE 1: Percepción, análise e documentación</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.	Realizar unha análise estética ou un comentario crítico a partir da audición e/ou visionado e análise dunha obra determinada, tendo en conta aspectos técnicos, expresivos e interpretativos, utilizando os coñecementos adquiridos e a terminoloxía apropiada.
Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.	Utilizar diferente documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras para a realización dun traballo de investigación sobre algún fragmento dun período en concreto.
Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.	Identificar as obras musicais traballadas no seu contexto histórico, social e musical.
Elabora unha análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.	Elaborar un comentario e/ou valoración crítica dunha obra musical, relacionando aspectos musicais co seu contexto histórico, social e musical.
Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.	Utilizar o léxico e a terminoloxía específica musical e/ou da danza cando se elaboran traballos, comentarios, nos exames...
Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.	Expoñer de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación e citar as fontes consultadas.
Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.	Utilizar diferente documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras para a realización dun traballo de investigación sobre algún fragmento dun período en concreto.

<b>BLOQUE 2: A música e a danza da Antigüidade á Idade Media</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	Identificar e coñecer todo o relativo á música sacra medieval. O Canto Gregoriano: características, orixe e evolución e o nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Códice Calixtino. Recoñecer e coñecer algunha das características dos instrumentos medievais.
Coñece a lírica galaico-portuguesa: Afonso X o Sabio.	Coñecer e estudar a lírica galaico-portuguesa: Afonso X o Sabio.

Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.	Identificar e recoñecer o contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Idade Media.
--	--

<b>BLOQUE 3: O Renacemento</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Coñece a polifonía renacentista, as súas características e procedementos compositivos.	Identificar e recoñecer a polifonía renacentista relixiosa. Características e procedementos compositivos.
Identifica e recoñece a música da Reforma e da Contrarreforma. Estuda a música vocal profana: o madrigal e o estilo madrigalesco e os principais polifonistas.	Coñecer a música da Reforma e da Contrarreforma. Estudar a música vocal profana: o madrigal e o estilo madrigalesco e os principais polifonistas.
Aprende a importancia da música renacentista española, da súa música vocal profana (vilancico e romance) e coñece algún dos grandes polifonistas desta época como: Tomás Luis de Victoria.	Saber da importancia da música renacentista española, da súa música vocal profana (vilancico e romance) e estudar algún dos grandes polifonistas desta época como: Tomás Luis de Victoria.

<b>BLOQUE 4: O Barroco</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Identifica e estuda as características, periodización e escolas da música no Barroco.	Recoñecer e saber as características, periodización e escolas da música no Barroco.
Estuda e investiga sobre o nacemento da Ópera en xeral e sobre os seus tipos: seria e bufa.	Saber a orixe da Ópera e estudar os seus tipos: seria e bufa.
Traballa a música en relación coa relixión no Barroco. Formas musicais: cantata, oratorio e paixón.	Coñecer a música do Barroco en relación coa relixión. Formas musicais: cantata, oratorio e paixón.
Estudar as distintas formas instrumentais: orixe, características e evolución.	Identificar e traballar as formas instrumentais barrocas: orixe, características e evolución.
Estuda a organoloxía do Barroco e a tipoloxía da orquestra barroca.	Recoñecer a tipoloxía da orquestra barroca e estudo da súa organoloxía.

<b>BLOQUE 5: O Clasicismo (Tema de ampliación, só para mellorar nota)</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Recoñece as formas instrumentais clásicas: orixe, características e evolución.	Comprender as formas instrumentais clásicas: orixe, características e evolución.
Sabe dos principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.	Identificar os principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.
Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.	Identificar e describir as características musicais básicas do período clásico a través de audicións.

## 2. Avaliación e cualificación.

Como se recolle na programación inicial da materia de Música do curso 2019-2020, os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado poden ser: probas teóricas, probas de instrumento/voz e/ou movemento e a observación sistemática do traballo realizado na aula. Por outra parte, os instrumentos empregados na avaliación son: rúbricas de traballos escritos, rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramento, vocais realizados na aula e a interpretación solista e/ou grupal.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a **avaliación do terceiro trimestre** realizarase sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres**, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

Tendo isto en conta, a avaliación da materia de *“Historia da Música e da Danza”* vaise facer do seguinte xeito:

1- Realizarase a **media aritmética** entre a nota final das **dúas primeiras avaliacións**.

2- Esta nota poderá ser incrementada **ata en 1 punto** segundo o **traballo realizado no 3º trimestre** polo alumnado.

O alumnado deberá ter entregado todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co titor de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares.

- Como todo o alumnado de 2º de Bacharelato tiña aprobado as dúas primeiras avaliacións e esta terceira servirá só para que suban nota, non vai haber **proba extraordinaria de setembro** posto que aprobarán en xuño.

- **En 2º de Bacharelato non existe alumnado coa materia pendente de cursos previos.**

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

En principio, todo o alumnado deste curso dispón en maior ou menor medida de conexión á rede, aínda que esta non sempre funcione adecuadamente.

Como se comentou na programación, no apartado de “*incorporación de propostas do curso anterior*”, en 2º de Bacharelato (tal e como se fixo no curso precedente e comprobados os bos resultados), centrámonos para a aprendizaxe da parte teórica na realización de comentarios sobre obras da época, visualización de audicións e exposición de traballos, posto que o alumnado precisa máis axuda na redacción, expresión e coherencia de ideas, tanto de forma oral coma escrita. Tamén se levan a cabo algunhas interpretacións instrumentais.

Emprégase unha **metodoloxía que realiza aprendizaxes significativas**, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta a súa diversidade. A profesora ten o papel de guía nesta aprendizaxe e cada alumna e cada alumno convértese á súa vez en motor do seu proceso de aprendizaxe.

As **actividades de recuperación, repaso, reforzo e/ou ampliación** baséanse na elaboración de comentarios sobre algún ou algúns dos aspectos dos temas traballados, por exemplo as voces ou os instrumentos do Barroco. Son actividades visuais de repaso, asentamento, reforzo ou mesmo ampliación do aprendido e tamén de reflexión sobre diferentes aspectos musicais xa traballados na clase. Estas tarefas deberán estar revisadas e corrixidas para a súa aprendizaxe significativa.

O alumnado deberá entregar todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co titor de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares para poder obter ese punto a maiores.

Utilízanse enlaces a Youtube para escoitar e, posteriormente, realizar o comentario seguindo os modelos a realizar nas probas Abau, como se facía antigamente, xa que na actualidade a materia non conta para subir nota nestas probas.

Os **materiais e recursos** cos que traballa a profesora son:

- 1- Ordenador propio
- 2- Aula virtual moodle onde comparte os enlaces a Youtube para visualizar, explica os comentarios a realizar sobre as actividades visualizadas e fai as correccións dos mesmos.
- 3- Correo electrónico de google. Utilízase para preguntas e consulta de dúbidas sobre a materia.
- 4- Diferentes páxinas web e blogs musicais consultados para seleccionar os mellores



materiais para o alumnado.

5- Dous libros de texto: o da editorial Galinova e o da editorial Almadraba.

#### **4. Información e publicidade**

A **información ao alumnado** é por dúas vías: ben directamente a través do correo electrónico ou ben a través do seu titor. A **información ás familias** é sempre a través do seu titor ou tamén pode ser dende a dirección do propio centro educativo.

**Publicidade:** a publicación é obrigatoria na páxina web do centro.

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez”

**CURSO:** 1º de Bacharelato

**MATERIA:** “Linguaxe e Práctica Musical” (LPM)

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tendo en conta a programación realizada a inicios do curso 2019-2020 para a materia de *“Linguaxe e Práctica musical” (LPM) en 1º de Bacharelato* e seguindo as instrucións ditadas polas autoridades competentes para este terceiro e último trimestre, enuméranse nos diferentes bloques da materia, o grao mínimo de consecución dos estándares e os criterios de avaliación correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso 2019-2020.

<b>BLOQUE 1: Destrezas musicais</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.	Recoñecer e coñecer os órganos e as funcións do aparello fonador.
Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo...	Realizar exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo para entoar/ falar cunha emisión correcta da voz, individual ou conxuntamente.
Interpreta instrumental e/ou vocalmente as partituras traballadas na aula	Interpretar instrumental e/ou vocalmente algunha peza das aprendidas, atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.
Percibe o pulso e logra unha correcta interiorización para realizar unha axeitada execución individual ou colectiva.	Interiorizar o pulso.
Practica a lectura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.	Ler e comprender a lectura de obras musicais utilizando partituras.

<b>BLOQUE 2: A audición comprensiva</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Percibe aspectos rítmicos, melódicos, cadenciais, formais e tímbricos das obras escoitadas ou interpretadas.	Identificar e recoñecer aspectos rítmicos, melódicos, formais e tímbricos básicos.
Utiliza a lectura musical como apoio á audición.	Identificar e recoñecer signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción...
Describe as características das obras escoitadas e/ou interpretadas, utilizando a terminoloxía axeitada.	Identificar e recoñecer diferentes texturas e timbres instrumentais nas obras escoitadas e/ou interpretadas.

<b>BLOQUE 3: A teoría musical</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Identifica os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.	Identificar e coñecer o significado de síncope, anacruse, notas a contratempo, grupos de valoración especial, signos que modifican a duración...
Identifica os elementos básicos da linguaxe musical.	Identificar e comprender a utilización das escalas, funcións tonais, intervalos, acordes básicos, tonalidade.
Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.	Aprender as grafías e termos relativos á expresión musical, dinámica, tempo, agónica, articulación musical e ataque dos sons.

<b>BLOQUE 4: A creación e a interpretación</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización.	Coñecer e interpretar vocal e/ou instrumentalmente o repertorio traballado.
Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas.	Realizar algunha breve improvisación, seguindo os patróns utilizados na clase.
Asimila os conceptos tonais básicos.	Utilizar as escalas e acordes básicos do sistema tonal.
Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.	Utilizar os instrumentos para memorizar breves fragmentos ou cancións axeitadas ao nivel do alumnado.
Entende a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.	Entender e poñer en práctica a técnica vocal para cantar correctamente.
Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.	Levar a cabo algún exercicio de expresión e/ou movemento corporal, como complemento ao feito musical.

<b>BLOQUE 5: As tecnoloxías aplicadas ao son</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición e a investigación do feito musical.	Realizar pequenas sonorizacións a través da improvisación, a composición e/ou a selección musical de textos e/ou imaxes.

## 2. Avaliación e cualificación.

Como se recolle na programación inicial da materia de Música do curso 2019-2020, os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado poden ser: probas teóricas, probas de instrumento/voz e/ou movemento e a observación sistemática do traballo realizado na aula. Por outra parte, os instrumentos empregados na avaliación son: rúbricas de traballos escritos, rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramento, vocais realizados na aula e a interpretación solista e/ou grupal.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a **avaliación do terceiro trimestre** realizarase sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres**, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

Tendo isto en conta, a avaliación da materia de **“Linguaxe e Práctica musical” (LPM)** vaixe facer do seguinte xeito:

1- Realizarase a **media aritmética** entre a nota final das **dúas primeiras avaliacións**.

2- Esta nota poderá ser incrementada **ata en 1 punto** segundo o **traballo realizado no 3º trimestre** polo alumnado.

O alumnado deberá ter entregado todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co titor de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares.

- Como todo o alumnado de 1º de Bacharelato tiña aprobado as dúas primeiras avaliacións e esta terceira servirá só para que suban nota, non vai haber **proba extraordinaria de setembro** posto que aprobarán en xuño.

- **En 1º de Bacharelato non existe alumnado coa materia pendente de cursos previos.**

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

En principio, todo o alumnado deste curso dispón en maior ou menor medida de conexión á rede, aínda que esta non sempre funcione adecuadamente.

Emprégase unha **metodoloxía que realiza aprendizaxes significativas**, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta a súa diversidade. A profesora ten o papel de guía nesta aprendizaxe e cada alumna e cada alumno convértese á súa vez en motor do seu proceso de aprendizaxe.

As **actividades de recuperación, repaso, reforzo e/ou ampliación** baséanse na elaboración de exercicios de repaso e afianzamento das cuestións teóricas traballadas na clase, fundamentalmente, de liguaxe musical pero tamén sobre cuestións relacionadas coa produción da voz. Outras actividades consisten en visualización de videos de Youtube para reforzar, ou mesmo aclarar, algunha destas cuestións teóricas; outros videos de Youtube son de repaso de conceptos básicos de teoría musical.

As actividades a realizar van dende os exercicios escritos mencionados, a tarefas máis prácticas e creativas xa iniciadas na clase como poden ser o envío de audios para traballar o recitado dun texto mediante o uso adecuado da voz (acompañado por unha base instrumental xa previamente seleccionada na clase) e mellorar así tanto cuestións de articulación, dicción, proxección da voz coma de respiración, fraseo e expresión, así como o traballo das emocións. Finalmente, haberá un traballo de video-creación, transformando este audio (revisado nas correccións feitas a través da aula virtual ou do correo electrónico) nun video onde ademais de utilizar a propia voz e unha base instrumental, se van engadir imaxes que acompañen o texto recitado.

O alumnado deberá entregar todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co titor de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares para poder obter ese punto a maiores. Todas estas tarefas deberán estar revisadas e corrixidas para a súa aprendizaxe significativa.

Os **materiais e recursos** cos que traballa a profesora:

- 1- Ordenador propio
- 2- Aula virtual moodle onde comparten os enlaces a Youtube para visualizar, corríxense os exercicios, audios e videos.
- 3- Correo electrónico de google. Utilízase para preguntas e consulta de dúbidas sobre as actividades ou a materia en xeral.

4- Diferentes páxinas web e blogs musicais consultados para seleccionar os mellores materiais para o alumnado.

#### **4. Información e publicidade**

A **información ao alumnado** é por dúas vías: ben directamente a través do correo electrónico ou ben a través da titoría. A **información ás familias** é sempre a través do seu titor ou tamén pode ser dende a dirección do propio centro educativo.

**Publicidade:** a publicación é obrigatoria na páxina web do centro.



# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez”

**CURSO:** 1º de Bacharelato

**MATERIA:** “EnCANTOme”

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tendo en conta a programación realizada a inicios do curso 2019-2020 para a materia de libre configuración de centro denominada: *“EnCANTOme”* (unha hora semanal de clase e alumnado procedente dos grupos A e B) e seguindo as instrucións ditadas polas autoridades competentes para este terceiro e último trimestre, enuméranse nos diferentes bloques da materia, o grao mínimo de consecución dos estándares e os criterios de avaliación correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso 2019-2020.

<b>BLOQUE 1: A TÉCNICA VOCAL. BOS HÁBITOS VOCAIS. CLASIFICACIÓN DAS VOCES.</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Coñece e valora as tres partes do aparello fonador e identifica o seu funcionamento.	Coñecer e diferenciar as tres partes do aparello fonador e o seu funcionamento.
Valora e aplica a técnica vocal ao canto e á fala.	Identificar os diferentes tipos de respiración: clavicular, costal e, sobre todo, a costo-diafragmático-abdominal, óptima para o canto e a fala.
Interpreta ao seu nivel textos das cancións traballadas na clase.	Interpretar con corrección os textos das cancións traballadas na clase en diferentes idiomas.
Interpreta vocalmente algunha das cancións traballadas na aula.	Entoar cunha emisión correcta da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción, con acompañamento instrumental, das traballadas na clase.

<b>BLOQUE 2: RELAXACIÓN E ESTIRAMENTOS CORPORAIS.</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Respeto e participa nos exercicios de relaxación corporal realizados na clase.	Realizar e valorar a relaxación corporal como ferramenta imprescindible para o canto.
Coñece e practica os estiramentos corporais aprendidos na clase.	Coñecer e practicar os estiramentos corporais aprendidos na clase.
Realiza algún pequeno exercicio de expresión vocal e/ou movemento corporal.	Levar a cabo algún exercicio de expresión e/ou movemento corporal, como complemento ao feito musical.

<b>BLOQUE 3: A AUDIÇÃO COMPRENSIVA. INTERPRETACIÓN.</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Identifica e reconece o pulso, os acentos e os compases binarios, ternarios e cuaternarios.	Identificar e reconecer o pulso, os acentos e os compases binarios, ternarios e cuaternarios.

Recoñece auditivamente estilos diferentes das cancións traballadas na aula: jazz, rock, pop e/ou “Músicas do Mundo”.	Recoñecer e identificar auditivamente as características morfolóxicas básicas das obras musicais do século XX: jazz, rock, pop, as músicas do mundo...
Identifica diferentes texturas e timbres vocais nas obras escoitadas e/ou interpretadas.	Identificar e recoñecer diferentes texturas e timbres vocais nas obras escoitadas e/ou interpretadas.
Interpreta vocalmente algunha peza ou fragmento dunha canción das aprendidas na clase.	Interpretar vocalmente algunha peza das aprendidas, seguindo as indicacións relativas á expresión, dinámica, agónica, articulación dos sons e dos seus ataques, e tamén á ornamentación musical.

<b>BLOQUE 4: AS MÚSICAS DO S. XX: jazz, rock, pop, músicas do mundo ou new world...</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Coñece e recoñece as cancións traballadas na clase do Jazz e do Rock do s. XX.	Identificar e interpretar vocalmente as obras clásicas do jazz e rock do s. XX
Coñece e aprende algunha canción ou fragmento do Pop do s. XX.	Recoñecer e interpretar vocalmente obras do pop inglés e español.
Coñece e recoñece algunha canción do estilo “Músicas do Mundo”.	Identificar e interpretar algunha canción do estilo “Músicas do Mundo”.

<b>BLOQUE 5:</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Valora a importancia do uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.	Valorar a importancia do uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

## **2. Avaliación e cualificación.**

Como se recolle na programación inicial da materia de Música do curso 2019-2020, os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado poden ser: probas teóricas, probas de instrumento/voz e/ou movemento e a observación sistemática do traballo realizado na aula. Por outra parte, os instrumentos empregados na avaliación son: rúbricas de traballos escritos, rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramento, vocais realizados na aula e a interpretación solista e/ou grupal.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a **avaliación do terceiro trimestre** realizarase sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres**, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020,

sempre e cando beneficie o alumnado.

Tendo isto en conta, a avaliación da materia de “*EnCANTOme*” vaise facer do seguinte xeito:

1- Realizarase a **media aritmética** entre a nota final das **dúas primeiras avaliacións**.

2- Esta nota poderá ser incrementada **ata en 1 punto** segundo o **traballo realizado no 3º trimestre** polo alumnado.

O alumnado deberá ter entregado todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co/coa titor/-a de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares.

- Como todo o alumnado da materia “*EnCANTOme*” de 1º de Bacharelato tiña aprobado as dúas primeiras avaliacións e esta terceira servirá só para que suban nota, non vai haber **proba extraordinaria de setembro** posto que aprobarán en xuño.

- Neste curso non existe alumnado coa materia pendente xa que é unha materia de recente creación, sendo este o primeiro ano que se imparte.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

En principio, todo o alumnado deste curso dispón en maior ou menor medida de conexión á rede, aínda que esta non sempre funcione adecuadamente. Existe tamén algún caso de nula conexión.

Emprégase unha **metodoloxía que realiza aprendizaxes significativas**, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta a súa diversidade. A profesora ten o papel de guía nesta aprendizaxe e cada alumna e cada alumno convértese á súa vez en motor do seu proceso de aprendizaxe.

As **actividades de recuperación, repaso, reforzo e/ou ampliación** baséanse na elaboración de exercicios de visionado de cancións e cantantes de especial relevancia e sobre os que se traballa posteriormente algún aspecto relacionado coa voz ou ben co seu momento histórico-social-musical.

As cuestións máis prácticas da materia: exercicios de vocalización, estiramientos corporais, relaxación non se realizarán individualmente, xa que precisan unha supervisión. O alumnado terá videos á súa disposición para a súa aprendizaxe pero este tipo de traballo práctico precisa da clase

presencial.

Tamén se realizará algún audio sobre algunha ou algunhas das cancións traballadas vocalmente ao longo do curso.

O alumnado deberá entregar todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co/coa titor/-a de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares para poder obter ese punto a maiores. Todas estas tarefas deberán estar revisadas e corrixidas para a súa aprendizaxe significativa.

Os **materiais e recursos** cos que traballa a profesora:

1- Ordenador propio

2- Aula virtual moodle onde se inclúen os enlaces a Youtube para visualizar, corríxense os exercicios escritos e tamén os audios.

3- Correo electrónico de google. Utilízase para preguntas e consulta de dúbidas sobre as actividades ou a materia en xeral.

4- Diferentes páxinas web e blogs musicais consultados para seleccionar os mellores materiais para o alumnado.

#### **4. Información e publicidade**

A **información ao alumnado** é por dúas vías: ben directamente a través do correo electrónico ou ben a través da titoría. A **información ás familias** é sempre a través do/da seu/súa titor/-a ou tamén pode ser dende a dirección do propio centro educativo.

**Publicidade:** a publicación é obrigatoria na páxina web do centro.

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilíngüe Antón Losada Diéguez”

**CURSO:** 4º de ESO

**MATERIA:** Música

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.



### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tendo en conta a programación realizada a inicios do curso 2019-2020 para a materia de *“Música” en 4º de ESO* (grupo formado por alumnado dos grupos A e B) e seguindo as instrucións ditadas polas autoridades competentes para este terceiro e último trimestre, enuméranse nos diferentes bloques da materia, o grao mínimo de consecución dos estándares e os criterios de avaliación correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso 2019-2020.

<b>BLOQUE 1: Interpretación e Creación</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	Interpretar pezas coa frauta e/ou instrumentos de placa e/ou canto, de dificultade axeitada ao nivel do alumnado, respectando as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
Utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	Analizar e reflexionar de forma oral e escrita, cun vocabulario axeitado, sobre os espectáculos musicais e os seus contextos e espazos.
Le e/ou memoriza partituras como apoio á interpretación.	Practicar e/ou memorizar diariamente nas clases as habilidades técnicas para melloralas.
Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	Coñecer e cumprir as normas establecidas para realizar as actividades da aula.
Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel axeitado ao seu desenvolvemento.	Coñecer, interpretar e valorar as distintas pezas instrumentais e danzas cun nivel axeitado ao seu desenvolvemento.

<b>BLOQUE 2: Escoita</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Analiza e comenta as obras musicais propostas.	Recoñecer e comentar as distintas audicións escoitadas na clase.
Recoñece os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía musical básica.	Utilizar unha terminoloxía axeitada realizando explicacións orais ou críticas musicais escritas.
Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación...	Utilizar diversas fontes de información para realizar un traballo de investigación musical sobre épocas, culturas, grupos e/ou solistas.
Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	Interesarse, respectar e ter curiosidade pola diversidade de propostas musicais, e tamén polos gustos musicais doutras persoas.

<b>BLOQUE 3: Contextos musicais e Culturais</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Elabora algún traballo de investigación sobre algunha etapa da música pop/rock española e/ou sobre algún grupo	Identificar e coñecer a pluralidade de estilos existente na música e elaborar un traballo de investigación sobre algún

e/ou solista en especial.	grupo e/ou solista.
Analiza a través da audición, músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	Identificar, coñecer e valorar a través da audición, músicas de distintos lugares do mundo.
Utiliza algún ou algúns dos recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	Coñecer e utilizar algún ou algúns dos recursos das novas tecnoloxías para expór os contidos de maneira clara.

<b>BLOQUE 4: Música e tecnoloxías</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Utiliza algún ou algúns dos recursos tecnolóxicos musicais.	Saber da importancia das tecnoloxías na música. Reflexionar e indagar sobre a importancia de gravar o son e a aparición dos computadores.
Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	Ser conscientes da transformación dos valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.
Utiliza as fontes de información para coñecer as distintas funcións da música nos medios de comunicación.	Identificar e comprender as funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cinema, videoxogos...
Interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	Valorar e reflexionar a importancia dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

## 2. Avaliación e cualificación.

Como se recolle na programación inicial da materia de Música do curso 2019-2020, os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado poden ser: probas teóricas, probas de instrumento/voz e/ou movemento e a observación sistemática do traballo realizado na aula. Por outra parte, os instrumentos empregados na avaliación son: rúbricas de traballos escritos, rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramento, vocais e/ou movemento realizados na aula e a interpretación solista e/ou grupal.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a **avaliación do terceiro trimestre** realizarase sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres**, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

Tendo isto en conta, a avaliación da materia de **“Música” en 4º de ESO** vaise facer do seguinte xeito:

1- Realizarase a **media aritmética** entre a nota final das **dúas primeiras avaliacións**.

2- Esta nota poderá ser incrementada **ata en 1 punto** segundo o **traballo realizado no 3º trimestre** polo alumnado.

O alumnado deberá ter entregado todas as tarefas requeridas e estar en contacto coa profesora ou co/coa titor/-a de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares.

- Como todo o alumnado de 4º de ESO tiña aprobado as dúas primeiras avaliacións e esta terceira servirá só para que suban nota, non vai haber **proba extraordinaria de setembro** posto que aprobarán en xuño.

- **En 4º de ESO non existe alumnado coa materia pendente de cursos previos.**

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

En 4º de ESO, unha parte do alumnado dispón en maior ou menor medida de conexión á rede, aínda que esta non sempre funcione adecuadamente. Outra parte do alumnado só se pode conectar dende o móbil e tamén existe alumnado que nunca se conectou e parece non ter posibilidade de facelo.

Emprégase unha **metodoloxía que realiza aprendizaxes significativas**, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta a súa diversidade. A profesora ten o papel de guía nesta aprendizaxe e cada alumna e cada alumno convértese á súa vez en motor do seu proceso de aprendizaxe.

As **actividades de recuperación, repaso, reforzo e/ou ampliación** baséanse, na parte máis teórica ou escrita da materia, na elaboración de traballos sobre diferentes épocas xa vistas na clase (A música dos 80, 90) e outros de ampliación que foron iniciados na clase pero que se propoñen para ampliar (realizar un traballo individual cun grupo/ solista do s.XX-XXI escollido polo propio alumnado e que dalgunha maneira os motive especialmente). Outras cuestións de teoría musical serán repasadas con videos de Youtube. Para traballar a parte práctica, na aula virtual déixanse enlaces a tutoriais de Youtube coas cancións xa preparadas na clase, a modo de repaso e afondamento na súa interpretación. Aínda que neste curso non utilizamos a fruta, agora si que é un

dos instrumentos máis recorrentes por ser tamén o máis asequible para o alumnado. As correccións realízanse mediante audios gravados, que son escoitados pola profesora e comentados para a súa revisión posterior polos alumnos e alumnas.

O alumnado deberá entregar todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co/coa titor/-a de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares para poder obter ese punto a maiores. Todas estas tarefas deberán estar revisadas e corrixidas para a súa aprendizaxe significativa.

Os **materiais e recursos** cos que traballa a profesora:

1- Ordenador propio

2- Aula virtual moodle onde se inclúen os enlaces a Youtube para visualizar, corríxense os exercicios e tamén os audios.

3- Correo electrónico de google. Utilízase para preguntas e consulta de dúbidas sobre as actividades ou a materia en xeral.

4- Diferentes páxinas web e blogs musicais consultados para seleccionar os mellores materiais para o alumnado.

#### **4. Información e publicidade**

A **información ao alumnado** é por dúas vías: ben directamente a través do correo electrónico ou ben a través das titorías. A **información ás familias** é sempre a través do/da seu/súa titor/-a ou tamén pode ser dende a dirección do propio centro educativo.

**Publicidade:** a publicación é obrigatoria na páxina web do centro.

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez”

**CURSO:** 4º de ESO

**MATERIA:** “Artes Escénicas e Danza” (AED)

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tendo en conta a programación realizada a inicios do curso 2019-2020 para a materia de *“Artes Escénicas e Danza” (AED)* (grupo formado por alumnado dos grupos A e B) e seguindo as instrucións ditadas polas autoridades competentes para este terceiro e último trimestre, enuméranse nos diferentes bloques da materia, o grao mínimo de consecución dos estándares e os criterios de avaliación correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso 2019-2020.

<b>BLOQUE 1: Común</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Interese por construír unha personalidade autónoma e independente.	Expór de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc) e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.
Reflexiona e argumenta sobre as artes escénicas e a danza.	Realizar unha reflexión sobre os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas.
Mellora a riqueza comunicativa verbal e non verbal.	Desenvolver capacidades e destrezas lingüísticas orais e escritas, non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo.

<b>BLOQUE 2: Teatro</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado e valorar a importancia da improvisación teatral.
Escenifica técnicas que fomentan o autoconñecemento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal. Participa nas actividades de grupo.	Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos comunicativos.

<b>BLOQUE 3: Danza</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula.	Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en danza.

<b>BLOQUE 4: Outras Artes Escénicas</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Recoñece e pode diferenciar algunhas das artes escénicas polas súas características específicas.	Explicar as características doutras artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade.

## **2. Avaliación e cualificación.**

Como se recolle na programación inicial da materia de Música do curso 2019-2020, os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado poden ser: probas teóricas, probas de instrumento/voz e/ou movemento e a observación sistemática do traballo realizado na aula. Por outra parte, os instrumentos empregados na avaliación son: rúbricas de traballos escritos, rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramento, vocais e/ou de movemento realizados na aula e a interpretación solista e/ou grupal.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a **avaliación do terceiro trimestre** realizarase sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres**, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

Tendo isto en conta, a avaliación da materia de *“Artes Escénicas e Danza” (AED)* vaise facer do seguinte xeito:

1- Realizarase a **media aritmética** entre a nota final das **dúas primeiras avaliacións**.

2- Esta nota poderá ser incrementada **ata en 1 punto** segundo o **traballo realizado no 3º trimestre** polo alumnado.

O alumnado deberá ter entregado todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co/coa titor/-a de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares.

- Como todo o alumnado de *“Artes Escénicas e Danza”* tiña aprobado as dúas primeiras avaliacións, esta terceira servirá só para que suban nota, non vai haber **proba extraordinaria de setembro** posto que aprobarán en xuño.



- Neste curso non existe alumnado coa materia pendente xa que é o primeiro ano que se imparte a materia.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

O alumnado deste curso ten distintas posibilidades de acceso á rede. Nalgúns casos é factible, cando non se colapsa. Noutros casos, só é posible vía móbil (coas limitacións que isto supón) e, finalmente, hai casos de alumnado que non se puido conectar en ningún momento.

Emprégase unha **metodoloxía que realiza aprendizaxes significativas**, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta a súa diversidade. A profesora ten o papel de guía nesta aprendizaxe e cada alumna e cada alumno convértese á súa vez en motor do seu proceso de aprendizaxe.

As **actividades de recuperación, repaso, reforzo e/ou ampliación**, como é unha materia eminentemente práctica, baséanse na elaboración de audios e exercicios nos que se traballa sobre todo a voz, as emocións e a xestualidade, de xeito que sexan actividades que poidan realizar na casa. Na aula virtual teñen enlaces a videos que poden ser historias máis ou menos curtas ou charlas-conferencias sobre a arte, a música e as emocións, aproveitando así para reflexionar sobre estas cuestións que traballamos na clase a nivel máis interactivo no que se refire a oralidade e xestualidade.

O alumnado deberá entregar todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou co/coa titor/-a de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares para poder obter ese punto a maiores. Todas estas tarefas deberán estar revisadas e corrixidas para a súa aprendizaxe significativa.

Os **materiais e recursos** cos que traballa a profesora:

- 1- Ordenador propio
- 2- Aula virtual moodle onde se inclúen os enlaces a Youtube para visualizar, corríxense os exercicios e tamén os audios enviados.
- 3- Correo electrónico de google. Utilízase para preguntas e consulta de dúbidas sobre as actividades ou a materia en xeral.
- 4- Diferentes páxinas web e blogs musicais e de artes escénicas consultados para seleccionar

os mellores materiais para o alumnado.

5- Libro de texto: “Artes Escénicas e Danza” da editorial Algar.

#### **4. Información e publicidade**

A **información ao alumnado** é por dúas vías: ben directamente a través do correo electrónico ou ben a través das titorías. A **información ás familias** é sempre a través do/da seu/súa titor/-a ou tamén pode ser dende a dirección do propio centro educativo.

**Publicidade:** a publicación é obrigatoria na páxina web do centro.

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez”

**CURSO:** 3º de ESO

**MATERIA:** Música

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tendo en conta a programación realizada a inicios do curso 2019-2020 para a materia de *“Música” en 3º da ESO* e seguindo as instrucións ditadas polas autoridades competentes para este terceiro e último trimestre, enuméranse nos diferentes bloques da materia, o grao mínimo de consecución dos estándares e os criterios de avaliación correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso 2019-2020.

<b>BLOQUE 1: Interpretación e creación</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo...)	Distinguir os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (notas, figuras, signos que afectan á intensidade e matices, indicacións rítmicas, tempo...) Interpretar instrumentalmente as obras atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación.
Recoñece tipos de textura e timbres instrumentais.	Identificar, coñecer e recoñecer as texturas e timbres musicais nas obras escoitadas e interpretadas.
Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	Comprender e identificar os procesos compositivos máis habituais.
Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas adecuadas ao nivel.	Seguir a lectura de obras musicais sinxelas utilizando partituras.
Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	Organizar e/ou participar na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.

<b>BLOQUE 2: Escoita</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Pode seguir as partituras como apoio á audición.	Identificar e diferenciar o pulso, os acentos fortes e débiles e os compases binarios, ternarios e cuaternarios.
Emprega conceptos musicais básicos para falar das partituras traballadas.	Coñecer e/ou transcribir signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción...
Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	Recoñecer e comentar as características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas.
Emprega conceptos musicais básicos para falar das partituras traballadas.	Identificar, recoñecer e coñecer as texturas e timbres musicais nas obras escoitadas e interpretadas.

<b>BLOQUE 3: Contextos musicais e culturais</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Emprega un vocabulario mínimo musical.	Coñecer as grañas e os termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.
Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música.	Recoñecer, comentar e saber expresar os contidos musicais relacionándoos con épocas da historia da música estudadas.
Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal.	Interesarse por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal.

<b>BLOQUE 4: Música e tecnoloxías</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	Coñecer e/ou utilizar música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.

## **2. Avaliación e cualificación.**

Como se recolle na programación inicial da materia de Música do curso 2019-2020, os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado poden ser: probas teóricas, probas de instrumento/voz e/ou movemento e a observación sistemática do traballo realizado na aula. Por outra parte, os instrumentos empregados na avaliación son: rúbricas de traballos escritos, rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramento, vocais realizados na aula e a interpretación solista e/ou grupal.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a **avaliación do terceiro trimestre** realizarase sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres**, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

Tendo isto en conta, a avaliación da materia de **“Música” en 3º da ESO** vaise facer do seguinte xeito:

- 1- Realizarase a **media aritmética** entre a nota final das **dúas primeiras avaliacións**.

2- Esta nota poderá ser incrementada **ata en 1 punto** segundo o **traballo realizado no 3º trimestre** polo alumnado.

O alumnado deberá ter entregado todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou coa titora de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares.

O alumnado que non chegue aos mínimos requiridos en xuño deberá realizar unha **proba extraordinaria en setembro**. Entrarán todos os contidos, tanto teóricos coma prácticos, traballados durante o primeiro e o segundo trimestre, xa que todo o material está dado e realizado na clase.

Haberá unha proba teórica (temas traballados na clase con fotocopias dos temas ata o segundo trimestre) que contará sobre 10 e unha proba práctica (cancións interpretadas coa frauta, traballadas na clase ata o segundo trimestre) que tamén se avaliará sobre 10. Posteriormente, farase a media aritmética entre estas dúas notas para obter así a nota final da avaliación extraordinaria de setembro. Todo isto en función de posibles cambios ou novas instrucións das autoridades pertinentes.

**- En 3º da ESO non existe alumnado coa materia pendente de cursos previos.**

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

O alumnado deste curso ten diferente dispoñibilidade de conexión a internet. Algún alumnado (o mínimo) estivo en contacto dende o primeiro momento, outra parte foise incorporando a medida que foi posible a súa conexión e algún alumnado non tivo ocasión de facelo en ningún momento.

Emprégase unha **metodoloxía que realiza aprendizaxes significativas**, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta a súa diversidade. A profesora ten o papel de guía nesta aprendizaxe e cada alumna e cada alumno convértese á súa vez en motor do seu proceso de aprendizaxe.

As **actividades de recuperación, repaso, reforzo e/ou ampliación** baséanse na elaboración de exercicios de repaso e afianzamento das cuestións teóricas traballadas na clase, fundamentalmente, de liguaxe musical pero tamén sobre cuestións relacionadas cos temas teóricos

vistos. Outras actividades son exercicios interactivos, outras consisten en visualización de videos de Youtube para aclarar algunha destas cuestións teóricas, para escoitar diferentes voces e instrumentos da época a traballar. Outros videos de Youtube son tutoriais para repasar e reforzar as cancións traballadas na clase, tanto interpretacións históricas coma obras modernas. E, por último, a visualización dalgún video para reflexionar e comentar sobre temas musicais coma a ópera.

O alumnado deberá entregar todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou coa titora de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares para poder obter ese punto a maiores. Todas estas tarefas deberán estar revisadas e corrixidas para a súa aprendizaxe significativa.

Os **materiais e recursos** cos que traballa a profesora:

1- Ordenador propio

2- Aula virtual moodle onde sube os enlaces a Youtube para visualizar, corrixir os exercicios e audios das cancións interpretadas.

3- Correo electrónico de google. Utilízase para preguntas e consulta de dúbidas sobre as actividades ou a materia en xeral.

4- Diferentes páxinas web e blogs musicais consultados para seleccionar os mellores materiais para o alumnado.

#### **4. Información e publicidade**

A **información ao alumnado** é por dúas vías: ben directamente a través do correo electrónico ou ben a través da titoría. A **información ás familias** é sempre a través da súa titora ou tamén pode ser dende a dirección do propio centro educativo.

**Publicidade:** a publicación é obrigatoria na páxina web do centro.



# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** “IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez”

**CURSO:** 2º de ESO

**MATERIA:** Música

**DEPARTAMENTO:** Música

**DATA:** 11/05/20

**Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Tendo en conta a programación realizada a inicios do curso 2019-2020 para a materia de **“Música” en 2º de ESO** e seguindo as instrucións ditadas polas autoridades competentes para este terceiro e último trimestre, enuméranse nos diferentes bloques da materia, o grao mínimo de consecución dos estándares e os criterios de avaliación correspondentes ao 1º e 2º trimestres do curso 2019-2020.

<b>BLOQUE 1: Interpretación e creación</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	Identificar e recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical cun vocabulario técnico mínimo.
Interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	Interesarse e aprender a utilizar a voz coa técnica axeitada tanto para falar, ler coma cantar.
Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	Coñecer as distintas familias de instrumentos da orquestra clásica e as distintas voces humanas.
Identifica e coñece algunha/-as agrupacións vocais e instrumentais escoitadas na clase.	Identificar e coñecer algunha/-as agrupacións vocais e instrumentais escoitadas na clase.
Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	Coñecer e traballar a práctica da relaxación, respiración, articulación e entoación.
Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/-a e a outros /-as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	Saber comportarse nun ensaio en grupo, atendendo ás pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/-a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión das súas compañeiras e compañeiros.	Mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias e respectar as capacidades e formas de expresión das compañeiras e compañeiros.
Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	Interpretar as pezas aprendidas (de memoria e/ou coa partitura), con actitude de mellora e compromiso e amosar unha actitude aberta e respectuosa.

<b>BLOQUE 2: Escoita</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	Identificar os elementos musicais básicos da música escoitada.
Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e	Recoñecer auditivamente os distintos tipos de voces e instrumentos, das agrupacións vocais e instrumentais.

doutras agrupacións musicais.	
Segue partituras como apoio á audición.	Ser quen de seguir unha partitura como apoio á audición.
Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	Ter unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado da música e a contaminación sonora.

<b>BLOQUE 3: Contextos musicais e culturais</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	Aprender a función da música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas.	Coñecer e identificar algúns dos estilos da música actual.
Comunica coñecementos e opinións musicais de xeito oral e escrito con claridade.	Saber expoñer algunha idea/-as sobre o feito musical, valoralo e explicar as súas opinións.

<b>BLOQUE 4: Música e tecnoloxías</b>	
<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de Avaliación</b>
Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías.	Coñecer e utilizar minimamente as tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
Coñece e/ou participa nalgún aspecto da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	Valorar a importancia do son e da música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

## **2. Avaliación e cualificación.**

Como se recolle na programación inicial da materia de Música do curso 2019-2020, os procedementos utilizados para a avaliación do alumnado poden ser: probas teóricas, probas de instrumento/voz e/ou movemento e a observación sistemática do traballo realizado na aula. Por outra parte, os instrumentos empregados na avaliación son: rúbricas de traballos escritos, rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramento, vocais realizados na aula, a interpretación solista e/ou grupal e o caderno de clase.

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 dadas pola Dirección Xeral de Educación,

Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a **avaliación do terceiro trimestre** realizarase sobre as **aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres**, así como as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.

Tendo isto en conta, a avaliación da materia de **“Música” de 2º de ESO** vaise facer do seguinte xeito:

1- Realizarase a **media aritmética** entre a nota final das **dúas primeiras avaliacións**.

2- Esta nota poderá ser incrementada **ata en 1 punto** segundo o **traballo realizado no 3º trimestre** polo alumnado.

O alumnado deberá ter entregado todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou coa titora de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares.

É probable que todo o alumnado aprobe a materia en xuño. No caso de non ser así, a **proba extraordinaria de setembro** consistirá na preparación de todo o material traballado, tanto a nivel teórico coma práctico, no primeiro e segundo trimestre. Este material está recollido no caderno individual que cada alumno e alumna vai facendo ao longo do curso, xa que non se traballa con libro de texto. O terceiro trimestre é só de recuperación, repaso e asentamento ou reforzo de todo o aprendido e, nalgún caso, presentación dalgún material novo que non se terá en conta nesta proba extraordinaria.

Haberá unha proba teórica (temas traballados na clase con fotocopias e recollidos na libreta persoal de cada alumno/-a ata o segundo trimestre) que contará sobre 10 e unha proba práctica (cancións interpretadas coa frauta, traballadas na clase ata o segundo trimestre) que tamén se avaliará sobre 10. Posteriormente, farase a media aritmética entre estas dúas notas para obter así a nota final da avaliación extraordinaria de setembro. Todo isto en función de posibles cambios ou novas instrucións das autoridades pertinentes.

**- En 2º de ESO non existe alumnado coa materia pendente de cursos previos.**

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**

Unha porcentaxe moi elevada do alumnado deste curso dispón en maior ou menor medida de conexión á rede, aínda que esta non sempre funcione adecuadamente. Parte do alumnado conéctase de forma intermitente e só un pequeno número non se conectou en ningún momento.

Emprégase unha **metodoloxía que realiza aprendizaxes significativas**, partindo sempre dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta a súa diversidade. A profesora ten o papel de guía nesta aprendizaxe e cada alumna e cada alumno convértese á súa vez en motor do seu proceso de aprendizaxe.

As **actividades de recuperación, repaso, reforzo e/ou ampliación** baséanse na elaboración de exercicios de repaso e afianzamento das cuestións teóricas e prácticas traballadas na clase, fundamentalmente, de liguaxe e práctica musical. Outras actividades consisten en tutoriais que axudan na interpretación coa frauta das cancións aprendidas previamente na clase. Outros videos de Youtube son para repasar ou ben aclarar algunha cuestión teórica relacionada cos conceptos básicos de teoría musical que deben aprender neste curso, outros para reflexionar sobre a música, as emocións que esta nos produce, cómo nos inflúe...

As actividades a realizar van dende os exercicios escritos, a tarefas máis prácticas e de interpretación de cancións, xa aprendidas na clase. Unha vez preparadas, gravan un audio que envían por correo electrónico xa que a plataforma Edixgal utilizada neste curso non ten capacidade para subir audios. Escóitase o audio e mándanse os comentarios para a súa corrección e revisión. Poden interpretar a canción primeiro sen base instrumental e despois con ela, unha vez aprendida correctamente.

O alumnado deberá entregar todas as tarefas requiridas e estar en contacto coa profesora ou coa titora de forma máis ou menos habitual, en función das posibilidades de conexión e/ou outros posibles factores persoais e/ou familiares para poder obter ese punto a maiores. Todas estas tarefas deberán estar revisadas e corrixidas para a súa aprendizaxe significativa.

Os **materiais e recursos** cos que traballa a profesora:

- 1- Ordenador proporcionado polo programa Edixgal.
- 2- Aula virtual Edixgal onde a profesora sobe os exercicios teóricos e prácticos a realizar, os enlaces a Youtube para visualizar e corrixir os exercicios.
- 3- Correo electrónico de google. Utilízase para preguntas e consulta de dúbidas sobre as actividades ou a materia en xeral. E tamén, como xa se comentou anteriormente, para recibir os audios coas interpretacións das cancións posto que a plataforma Edixgal non ten capacidade para poder subir audios.

4- Diferentes páxinas web e blogs musicais consultados para seleccionar os mellores materiais para o alumnado.

#### **4. Información e publicidade**

A **información ao alumnado** é por dúas vías: ben directamente a través do correo electrónico ou ben a través da titoría. A **información ás familias** é sempre a través da titora ou tamén pode ser dende a dirección do propio centro educativo.

**Publicidade:** a publicación é obrigatoria na páxina web do centro.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

María Consuelo Millán Varela  
Xefa do Departamento de Música

IES Plurilíngüe Antón Losada Diéguez  
(A Estrada – Pontevedra)